



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E OITO DE NOVEMBRO DE 2013, CON CARÁCTER
ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVEZA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e dez minutos do día vinte e oito de novembro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día catorce de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201300000001511 de Jesús Santos Lobato.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para obras de reposición da canalización de auga existente pola gábea de pistas en Picón, aproximadamente 800 m (Expte. núm.: 2013/U009/000095).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Que a canalización é polo dominio público, polo que non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba. Así mesmo deberá depositar una fianza de cen euros (#100,00#) para responder de posibles danos; esta seralle devolta unha vez comprobada a correcta execución da obra.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e oito euros con vinte e catro céntimos (#58,24#)

2.2.--Instancia núm. 201300000001483 de don César Picón López.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 23/11/2010 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Sol-Santa Cruz de Ribadulla,, Licenza orixinal; 2010/008/000019, e solicita a concesión dunha prórroga para o remate das obras obxecto do expediente.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de tres anos para o remate da actuacións obxecto do expediente (Expediente 2010/008/000019). Os tres anos entenderanse dende a expiración do prazo inicialmente concedido.

2.3.- -Instancia núm. 201300000001506 de Sandra Carpinteiro Orosa e José Manuel de la Torre Lobato

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expoñen que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 29/12/2010 concedeulle licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Corbeixe (expediente número 2010/008/000020), e solicitan a concesión dunha prórroga para o remate da obras obxecto do expediente

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de tres anos para o remate das actuacións obxecto do expediente. Os tres anos entenderanse dende a expiración do prazo inicialmente concedido.

3º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvencións á Deputación Provincial.

Dáse conta da convocatoria de subvencións da Deputación Provincial destinadas aos concellos para actividades e investimentos durante o ano 2014 publicada no BOP núm. 217/12, do 14 de novembro.

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar subvencións, segundo memorias elaboradas ao efecto, para os seguintes programas:

	PROGRAMA
DEPORTE	ACTIVIDADE XERAL
	INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO DEPORTIVO
CULTURA	ACTIVIDADE XERAL
	INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO CULTURAL
	ANIMADORES CULTURAI
SERVIZOS SOCIAIS	PLAN FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS NO



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	EXERCICIO 2014
	PROGRAMA BASICO DE INSERCIÓN SOCIAL (EMERXENCIA SOCIAL)
	PROGRAMAS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO DAS PERSOAS MAIORES
PROMOCIÓN ECONÓMICA	A CTIVIDADE XERAL
	INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO
POLÍTICAS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES E LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO	CONCILIACIÓN E RESPONSABILIDADE COMPARTIDAS

4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de axudas para situacións de emerxencia social.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo coa proposta da traballadora social, en función do establecido na Ordenanza Reguladora deste tipo de axudas, aprobada polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 23/12/2009 e publicadas no BOP núm. 39/10, do 01/03/2010, acorda conceder as seguintes axudas con cargo ao programa de emerxencia social (partida 231-480)

-Luís Zas Oca : Necesidades básicas (532,51 euros) e alugamento vivenda (185,00 euros).

-Lidia Suárez Martínez: Necesidades básicas (532,51 euros) e alugamento vivenda (399,38 euros).

-Álvaro Martínez Agrelo: Necesidades básicas (692,11 euros) e alugamento de vivenda (399,38 euros).

-Vanesa Martínez Sanín: Necesidades básicas (585,76 euros) e alugamento de vivenda (399,38 euros)

-Manuel Suárez Neira: Necesidades básicas (532,51 euros) e subministro de enerxía eléctrica (90,00 euros)

-María Jesús Pereira Munín: Necesidades básicas (585,76 euros) e adquisición de electrodomésticos de primeira necesidade (485,00 euros)

-Cristina Rizo Liñares : Necesidades básicas (585,76 euros) e electrodomésticos de primeira necesidade (304,90 euros)

5º.-Outros asuntos

Non se presentaron.

Conclúe ao fío das vinte horas e cincuenta minutos.